



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000011

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e vinte minutos do día vinte e un de marzo de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 125 de data 20 de marzo/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14.03.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 14.03.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.

“Expte 7/2023

Tedec 2023/U018/000008

.- Expte. de parcelación (exp. 07/2023).- [REDACTED]

[REDACTED] - Para licenza de parcelación de finca no lugar de **A Lagoa nº 3, parroquia de Pantín, no Concello de Valdoviño**, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data novembro de 2023.

A parcela obxecto deste proxecto ten a referencia catastral nº. **15088A022002240000HL** e correspóndense coa parcela nº.224 do polígono nº 22 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA A	4.182 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.121 m ²
			Sup. parcela Neta	1.090 m ²
			Sup Cesión viales	31 m ²
		Suelo Rústico	Sup. parcela	3.061 m ²
PARCELA B	744 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	744 m ²
			Sup. parcela Neta	671 m ²
			Sup Cesión viales	73 m ²
PARCELA C	746 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	746 m ²
			Sup. parcela Neta	698 m ²
			Sup Cesión viales	48 m ²

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 13 de marzo de 2024**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 18 de marzo de 2024**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación a [REDACTED] para a **segregación da finca** sita no lugar de **A Lagoa nº 3, parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño**, nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 13 de marzo de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **405,15 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U018/000008).

B.-Licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.

“Expte 8/2023

Tedec 2023/U018/000009

.- Expte. de parcelación (exp. 08/2023).- [REDACTED]

[REDACTED] Para licenza de parcelación de finca sita en Avenida Gándara de Abaixo nº 51, parroquia de Valdoviño no Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

• Proxecto de parcelación de finca realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data novembro de 2023.

A parcela obxecto deste proxecto ten a referencia catastral nº. **9393116NJ6299N0001HJ**.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA A	2.036 m ²	Suelo Urbano	Sup. parcela Bruta	2.036 m ²
			Sup. parcela Neta	2.036 m ²
			Sup Cesión viales	----
PARCELA B	1.558 m ²	Suelo Urbano	Sup. parcela Bruta	1.558 m ²
			Sup. parcela Neta	1.558 m ²
			Sup Cesión viales	----

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 13 de marzo de 2024**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 14 de marzo de 2024**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación a [REDACTED] para dividir a finca sita en **Avenida Gándara de Abaixo nº 51, parroquia de Valdoviño no Concello de Valdoviño**, segundo a documentación presentada e coas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 13 de marzo de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **431,28 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U018/000009).

3º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/5.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/5.

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/5 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 5 facturas ascende á cantidade de CINCUENTA E NOVE MIL CENTO CINCUENTA E OITO EUROS CON

VINTE E OITO CÉNTIMOS (59.158,28 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/5 por importe bruto de 59.158,28 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000038).

FORA DA ORDE DO DÍA

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno Local a urxenza dos asuntos que de seguido se especifican, en base a evitar demoras nos prazos da tramitación dos expedientes, inclúense fóra da Orde do Día

.-APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2023.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2023

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobar o pagamento das axudas concedidas e xustificadas en relación ás medidas de apoio ás familias para a adquisición dos agasallos de Nadal 2023 e visto o informe técnico da educadora social

e vista a acta asinada da Comisión avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras, conformado por:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcalde- Presidente)

e que se transcribe a continuación

ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2023.

Reunida a Comisión Avaliadora en relación ás MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2023, o día 26/01/2024 ás 11:00 horas, procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instrutor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA SOBRE XUSTIFICACIÓN E APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS SOLICITUDES DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2023.

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en aplicación das bases que regulan a concesión de axudas de Medidas de apoio ás familias para a adquisición de agasallos de Nadal (BOP Nº 220 de data 17.11.2023) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello

INFORMO:

PRIMEIRO-. Á vista das solicitudes concedidas e aprobadas (por acordo de Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 14.12.2023), valóranse as xustificacións presentadas en tempo e forma.

*SEGUNDO-. Que do total das axudas solicitadas foron concedidas 24, das cales se presentan dentro do prazo estipulado un total de **24 xustificacións** .*

Que desas 24 xustificacións, 15 familias presentan a modalidade de vales coa cesión do dereito de pago a favor do establecemento.

TERCEIRO-. Que trala revisión da documentación aportada segundo as indicacións que constan nas bases da subvención, aclárase o seguinte:

- 1. Todas as xustificacións conteñen o xustificante do gasto correspondente a través de facturas de compra, tamén no caso de elixir o sistema de vales.*
- 2. O número de conta bancaria certifícase, en todos os casos, a través da presentación do certificado da entidade bancaria da titularidade da conta*
- 3. Que o Departamento de Servizos Sociais confirmou con cada establecemento a concidencia dos vales canxeados (cesión do dereito de cobro) por concepto agasallos de Nadal coa xustificación presentada polas familias.*
- 4. Que revisada a documentación, procede a aprobación das xustificacións presentadas e o seu pagamento, coas características que se recolle no cadro seguinte.*

**Enténdese por gasto xustificado e cumprida a finalidade da subvención o que se considera válido e subvencionable segundo as bases da convocatoria.*

*** No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado*

	SOLICITANTE	DNI	Nº MENORES	CANTIDADE CONCEDIDA	CANTIDADE XUSTIFICADA	CANTIDADE A PAGAR
1	M. C. G. G.	[REDACTED]	5	250 €	260,97€	250 €
2	L. H. L.	[REDACTED]	3	150 €	161 €	150 €
3	M. A. D. B.	[REDACTED]	1	50 €	65,80€	50 €
4	M. D. L. J. J.	[REDACTED]	5	250 €	250,01€	250 €
5	A. M. P. D.	[REDACTED]	2	100 €	100,87€	100 €
6	M. C. V.G.	[REDACTED]	1	50 €	55,98 €	50 €
7	R. C. V.	[REDACTED]	2	100 €	105,70 €	100 €
8	E. C. V.	[REDACTED]	2	100 €	102,82 €	100 €
9	A. M. S. B.	[REDACTED]	1	50 €	52,93€	50 €
10	M. J. P. P.	[REDACTED]	1	50 €	95,97 €	50 €
11	M.I.A. R.	[REDACTED]	2	100 €	99,85€	99,85 €
12	V.V.V.	[REDACTED]	1	50 €	49,95 €	49,95 €
13	A. R. F.	[REDACTED]	2	100 €	118 €	100 €
14	C. M. B.	[REDACTED]	3	150 €	160,26 €	150 €
15	M. V. S. M.	[REDACTED]	1	50 €	53,96 €	50 €
16	Y.R.L.	[REDACTED]	1	50 €	62,90€	50 €
17	M. J. N. P.	[REDACTED]	2	100 €	114,71€	100 €
18	M. C. G.	[REDACTED]	1	50 €	68,96€	50 €
19	M. A. A.	[REDACTED]	2	100 €	129,98 €	100 €
20	L. M. A. A.	[REDACTED]	1	50 €	59,97€	50 €
21	X. M. C. V.	[REDACTED]	2	100 €	115,16€	100 €
22	J. M. R.	[REDACTED]	2	100 €	101,09€	100 €

2						
3	C. A. F.	██████████	3	150 €	154,14 €	150 €
2						
4	V.M. D. L.	██████████	1	50 €	49,99€	49,99 €
TOTAL				2350	2590,97	2349,79€

5. Que o pagamento das axudas deberá efectuarse coas seguintes especificacións:

- No caso da compra por parte das familias, efectuarase o pagamento do importe concedido e xustificado no número de conta indicado por cada familia.

- No caso de 15 familias, utilizaron o sistema de vales coa cesión do dereito de cobro a favor dos establecementos, resultando as seguintes cantidades, xa engadidas no cadro anterior.

- Librería Xeila: 199,85€
- Sprinter: 500€
- DinDon: 900€
- Total dos vales: 1599,85€

O total das axudas ascende á cantidade de **2349,79€**.

Infórmase para que sexa aprobado pola Comisión avaliadora e pola Xunta de Goberno Local e así proceder ao pagamento das axudas, atendendo á forma e cantidades que se recollen no presente informe.

En Valdoviño a 23 de xaneiro de 2024

Iria García Martínez. Educadora Social (Col. 3545)

Os membros da Comisión avaliadora aproban o informe presentado, coa correspondente aprobación do gasto por un importe total de **2349,79€**:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía. Presidente)

Valdoviño, 26 de xaneiro 2024

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación do pagamento das axudas concedidas e xustificadas en relación á convocatoria de medidas de apoio ás familias para a adquisición de agasallos de Nadal 2023 e proceder a efectuar o dito pagamento, por un importe total de 2349,79 euros:

En Valdoviño, a 20 de marzo de 2024

Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/A002/000004).

.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN E REHABILITACIÓN PARA A CREACIÓN DO “MUSEO ESCOLA VIVA A RAMALLEIRA”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN E REHABILITACIÓN PARA A CREACIÓN DO “MUSEO ESCOLA VIVA A RAMALLEIRA”

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, en relación ao interese na creación e impulso dun espazo que sirva como aula activa e de exposición a nivel pedagóxico e comunitario na antiga escola de Pantín, vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos e visto o informe técnico da educadora social dos Servizos Sociais Comunitarios que se transcribe a continuación:

“INFORME SOBRE O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN E REHABILITACIÓN PARA A CREACIÓN DO “MUSEO ESCOLA VIVA A RAMALLEIRA”

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación ao proxecto de investigación e rehabilitación para a creación do “Museo Escola Viva A Ramalleira”

INFORMO

PRIMEIRO.- Que a corporación do Concello manifestou a intención de impulsar un proxecto de rehabilitación da antiga escola unitaria de Pantín, coa intención de crear un espazo pedagóxico activo con mostra de traballos ou materiais elaborados no contexto da escola rural. Ademais, preténdese homenaxear a Sabela Díaz Regueiro, mestra que durante moitos anos traballou nesa escola e que deixou unha fonda pegada no alumnado e na comunidade.

SEGUNDO.- Que un grupo informal de persoas achegadas ao mundo da educación e do desenvolvemento rural manifestan o seu interese en apoiar a iniciativa de impulsar a rehabilitación e posta en marcha dese espazo pedagóxico activo, gardando algunhas delas unha relación persoal e profesional coa mestra.

TERCEIRO.- Que dende o mes de setembro realizáronse varias xuntanzas coas diferentes persoas implicadas, e que no transcurso da mesma creouse un grupo composto por diferentes perfís a nivel político, técnico, social e comunitario.

CUARTO.- Que considerando a magnitude do proxecto, valórase necesario constituír unha Comisión de traballo e investigación que estude a súa posta en marcha e coordine as actuacións precisas. As persoas que conforman a dita Comisión así como o contido do proxecto obxecto de aprobación recolleranse nun documento dinámico que ademais de recoller as partes esenciais do proxecto, irá mudando coas aportacións e variacións que se darán no decorrer do tempo.

QUINTO.- Que atendendo ao importante valor do material existente, mantívose unha reunión no Campus de Ferrol da Universidade da Coruña (Titulación de Xestión Dixital de Información e Documentación) de cara a establecer unha fórmula de colaboración en relación á revisión, conservación e catalogación do material. Que resultado desta reunión

concrétase a opción dun contrato coa Universidade para Análise técnica do fondo documental pedagóxico da Escola da Ramalleira por valor de 2700 euros, e que se envía ao Concello en data 20.03.23

SEXO.- Que para o estudo da rehabilitación do inmovible solicitouse a elaboración do proxecto a unha arquitecta, no cal ademais de plasmar o deseño do espazo, concretarase un orzamento do custo da obra.

SÉTIMO.- Que a Comisión de traballo, unha vez asinado o contrato coa Universidade e elaborado o proxecto de rehabilitación, pasará a unha segunda fase do proxecto, que consistirá no traballo de revisión e coñecemento dos materiais e da figura de Sabela Díaz Regueiro, e na busca de financiamento para iniciar os traballos no recinto e no edificio da escola.

OITAVO.- Que en base ao recollido, é preciso aprobar a posta en marcha do Proxecto de investigación e rehabilitación para a creación do Museo Escola Viva a Ramalleira, a creación da Comisión de Traballo e o gasto inicial de 2700 euros (IVE engadido) en relación ao contrato coa Universidade da Coruña, tendo en conta que as características do proxecto requirirá da aprobación de novas partidas no paso do tempo.

En Valdoviño a 21 de marzo de 2024

Iria García Martínez

Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da posta en marcha do proxecto de investigación e rehabilitación para a creación do “Museo escola viva A Ramalleira” así como a formalización do convenio coa Universidade da Coruña para a *Análise técnica do fondo documental pedagóxico da Escola da Ramalleira* por valor de 2700 euros.

En Valdoviño, a 21 de marzo de 2024

Alberto González Fernández

O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000037).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/